



2º Trimestre

Este Documento é un resumo das actividades levadas a cabo durante os meses do segundo trimestre destacando algunhas de cada zona de aprendizaxe, así como actividades e momentos especiais que as nenas e nenos tiveron a oportunidade de vivir.





O día a día na Aula do Marco



A planificación sempre ten o mesmo estilo de xornada. Comezando polas propostas de traballo, asamblea, Taller, merenda e patio, relaxación e conto, actividades do Proxecto e xogo libre..


Cada día ao chegar realízanse distintas propostas de traballo, presentadas e xa colocadas pola aula a modo de "invitación"



A asamblea seguímola facendo de maneira colaborativa tendo cada un unha función responsable dentro dela.



Ademais das propostas que escollen de cada zona de Aprendizaxe. En primer lugar, sempre teñen que ir a Linguaxe ou a Matemáticas (segundo o grupo no que estea) para poder ir as demais zonas.



Nos talleres sempre estamos todos xuntos, pero cada neno e nena van tendo consignas distintas según o seu desenvolvemento e idade.

Na Relaxación variamos dependeno do día facéndoa de maneira individual, por parellas e grupal.



E a lectura de Conto e o momento favorito dos nenos e nenas.

Nas actividades do Proxecto investigamos sobre os distintos animais do Bosque partindo de todo o que aprenderon na casa.



Nos últimos 15 minutos antes de saír para casa, os nenos e nenas escollen unha tarefa que facer. Normalmente e estar na Cocinita ou facer un debuxo que sempre levan para a casa.

Espazos de Aprendizaxe

Preparación do ambiente da aula para dar a posibilidade a cada nena e neno de aprender respetando o seu ritmo, desenvolvemento e necesidades. Desta maneira diséñanse os espazos dunha maneira interdisciplinar pensando e reflexionando sobre as posibilidades que pode ofrecer ao alumnado.
Cámbianse e alternanse as propostas cada 15 días ou menos, segundo a demanda e curiosidade.

Área de Minimundos e Construción

Grazas o papá de Noa por facer realidade o moble de Minimundos

Novo espazo na aula que xurdiu neste trimestre co obxectivo de fomentar habilidades como a creatividade, imaxinación, vocabulario e comunicación, motricidade fina, intelixencia sensorial, persistencia e intelixencia emocional.



A través de diferentes elementos naturais, pezas soltas e animais de bosque e granxa as nenas e nenos crean o seu "mundo"

"Un bo xogete é aquel que, sen ser nada en concreto, pode ser todo"

Tonucci

Área de Linguaxe

Neste espazo de aprendizaxe existe un contacto directo co acercamento a lectoescritura respectando o ritmo de madurez de cada nena e neno, traballando aspectos primordiais como a psicomotricidade fina, direccionalidade, lateralidade, conciencia fonolóxica e recoñecemento das diferentes letras do alfabeto.

Ao igual que cada espazo, as propostas vanse variando e organizando atendendo os intereses e necesidades do alumnado.

Material

Este trimestre, ademais das letras de lixa, ampliamos o material da pedagogía Montessori coa Caixa de Sons e os Resaques



Coa Caixa de Sons fomentamos a conciencia fonolóxica de cada letras, así como o coñecemento de diferentes obxectos que comezan pola letra que se representa.



Os Resaques Metálicos axudan ao alumnado a adquirir a flexibilidade da muñeca necesaria para controlar o trazo ao utilizar un instrumento de escritura.



Coas Letras de Lixa relacionan o son e coñecen a súa grafía a través do tacto

"A adquisición da linguaxe iniciase dende as primeiras relacións do neno cos adultos que o acompañan" Montessori

Propostas

Pódense destacar algunhas das realizadas tendo en conta os contidos que se queren traballar.

Psicomotricidade fina



Grafía



Escritura



Precisión



Vocabulario



Linguaxe Oral



Conciencia Fonolóxica



Atención



"A adquisición da linguaxe iniciase dende as primeiras relacións do neno cos adultos que o acompañan" Montessori

Área Artística

Este trimestre as propostas e talleres plantexados centráronse no SENTIR DA ARTE. Na oportunidade de poder expresar, comunicar e experimentar; Máis importante ca nunca nesta época que estamos vivindo.

Sentir a música

As nenas e nenos pintan ao ritmo da música.



Sentir a Natureza

A través de varias actividades onde tívose contacto con elementos naturais ou representouse.

Sentir estético

Ter a oportunidade de crear con diferentes elementos dando lugar as súas propias producións onde o importante non é o resultado, senón o proceso da súa realización



“O neno ten cen linguaxes, cen mans, cen pensamentos, cen formas de pensar, de xogar e de falar, cen sempre, cen formas de escoitar, de sorprender, de amar, cen alegrías para cantar e entender”

Loris Malaguzzi.

Área Lóxica-Matemática

Neste trimestre as propostas e talleres estiveron enfocados a traballar diversos conceptos como son os tamaños, seriacións, identificación, clasificación, ordenación e numeración. Organizadas tendo en conta 3 niveis de aprendizaxe para respectar os ritmos e desenvolvemento madurativo de cada neno e nena.

Estas son algunhas das moitas propostas que se organizaron e debemos de ter en conta que as matemáticas xorden en calquer lugar e momento; E que o importante é saber observar e poder acompañar o proceso de adquisición do número, así como tamén da lóxica.

Propostas

Nas diversas propostas establecidas durante os meses de xaneiro e marzo podemos agrupalas en:

Propostas de Numeración

Conteo e suma de pezas Lego

Coas pezas de Lego debemos de construír segundo o modelo e contar tódalas pezas.



Conteo con bonecos de neve


Con pompóns e bonecos de neve realizamos o conteo de elementos podendo establecer a comparación entre o número de pompóns de cada tarxeta.

“As matemáticas son a arte de comprender” Fernández Bravo

Propostas de Lóxica

Clasificación por tamaños de elementos Naturais

Clasificar os elementos mediante as etiquetas grande-mediano.pequeno




Clasificación e identificación de formas xeométricas e etiqueta negativa
Cos bloques lóxicos e etiquetas distintas saber identificar e clasificar pola cor, forma ou a etiqueta negativa

Talleres

A través dos talleres preténdese consolidar os contidos a traballar durante o trimestre, así como tamén a escoita activa, pertenza ao grupo, respecto de turno e a participación activa.

Neste proceso é moi importante poder vivenciar, manipular e representar graficamente todo os contidos que se van traballando para que os interioricen dende a propia experiencia.



“As matemáticas son a arte de comprender” Fernández Bravo

Área Sensorial

Neste espazo de Aprendizaxe ten como obxectivo a experimentación e o descubrimento a través do sentidos para desenvolver as súas habilidades sociais, cognitivas e emocionais.

Material

Neste trimestre introducimos material Montessori como a Torre Rosa e a Escaleira marrón



A Torre Rosa é un material sensorial para que o neno ou nena desenvolva a percepción visual, concentración, tamaños, orientación espacial, peso e conceptos matemáticos.



A escaleira Marrón contribúe ao desenvolvemento da discriminación visual, volume, grosor, peso, concentración, xeometría e matemáticas

Propostas

Na mesa de trasvases

Con boliñas de hidroxel



Lavar Animais



Mesa de Slime



"Os sentidos poñen en marcha o cerebro e os músculos para a acción" Melodie de Jager



Pedagogía da Luz

As nenas e nenos atopan coa luz estratexias relacionais, afectivas, cognitivas e racionais. O ambiente de luz ofrece unha oportunidade para xogar a través da luz e da cor, convertindo a actividade científica nun centro de experimentación e expresión artística.

Mesa de Luz



Retroproyector



Talleres

Pintura con Xeo



Instalación Entroido



Creación dun Ourizo con herba



"Os sentidos poñen en marcha o cerebro e os músculos para a acción" Melodie de Jager

Área de vida práctica e Xogo Simbólico

A través de actividades e propostas de vida práctica os nenos e nenas van collendo confianza e seguridade nas súas posibilidades de acción dunha maneira autónoma.



Na zona da Cocinina as nenas e nenos crean o seu xogo simbólico amosando o seu pensamento propio da idade, así como as experiencias vividas.

Ao que máis xogan é a esconderse porque ven o Papón;
Dende o primeiro trimestre está presente na aula tódolos días.



"Xogar para un neno é a posibilidade de recortar un trociño de mundo e manipulalo" Tonucci

Nova Zona de aprendizaxe instaurada no segundo trimestre co obxectivo de ir coñecendo diferentes aspectos do planeta Terra.



Comezando por coñecer as partes de auga e terra no planeta e sabendo como se plasma nos mapas .

Tamén clasificamos diferentes animais por ser de auga, terra o aire.

Coñecendo as diferentes bandeiras do mundo dunha maneira manipulativa van identificando, asociando, e tendo máis curiosidade por todo o que poden aprender a través do Xeografía.



"A educación non cambia o mundo; Cambia as persoas que van a cambiar o MUNDO" Paulo Freire



Proxecto Documental Integrado



Este ano dende o CRA decidiuse levar a cabo un proxecto anual sobre “Os animais do bosque”, o cal ten como punto inicio e colaboración a biblioteca do centro. A aventura comezou no segundo trimestre traballando os animais da nosa contorna fomentando así tamén a educación en valores, promovendo o respecto polo medio.



Días Conmemorativos

Día da Muller

Dedicámosllo as mulleres da nosa vida, que nos provocan grandes sorrisos, que nos ensinan valores e que nos queren todos os días. Foi un día especial, xa que ao chegar ao cole, estaban colocados os carteis cos sorrisos de todas e todas, para demostrarlles o importantes que son.



Día de Rosalía de Castro

Descubrimos o seu poema "moucho" que coincide cun dos animais que estamos investigando no noso pdi. Por iso, ademais de escoitar a versión do grupo Migallas, vivenciándoa a través do movemento co noso corpo, creamos o noso propio moucho, utilizando materiais reciclados.

Día da Paz

Celebramos o día da paz experimentando coa linguaxe plástica a través dunha obra de Romero Britto.



Momentos Especiais

Momentos especiais que xurdiron no día a día ou celebracións de datas asignadas durante o trimestre.



Experimentos

Cada xoves realizamos experimentos , dos cales algún deles son propostas do equipo que organiza o Programa de Voz Natura.

Sempre facemos os mesmos pasos:

1. Formulación de hipótesis.
2. Experimentamos.
3. Sacamos as nosas conclusións

Saída ao Río

Un dos momentos que máis esperaban durante o trimestre.

Descubrión a Lenda do Pozo Negro, miramos con microscopio diferentes follas e anotamos no noso Caderno de Campo aqueles elementos que nos chamaron a atención.



Entroido

Este curso tivemos un entroido moi diferente ó dos outros anos e o disfrutamos un montón durante toda a semana.

Realizamos unha instalación, onde activamos os sentidos e puxemos en xogo as nosas emocións.



Continuando co noso proxecto dos animais do bosque, montamos dous obradoiros de disfraces. un día marchamos para casa como coellos e outro sendo lobos

No gran día vimos disfrazados da casa, cada un elixiu o disfrace que máis lle gustaba e veu ó cole transformado e transformada en superheroe, superheroína, dun animal, de princesa





Coa profe María disfrutamos do conto de Zambai co Kamishibai que trata valores como a importancia de axudar, de respetar e coidar os amigos e amigas.

Dende o programa “Proxecto Ríos” realizouse a proposta de facer mandalas” con elementos naturais. Este traballo favorece a concentración e creatividade e a orde.

Traballa conceptos matemáticos como a simetría ou tamaño e, sobre todo, ofrece un efecto visual e emocional tanto o artista como no espectador.



Patio e Horta



O patio, a zona exterior da aula ten infinitas oportunidades para os nenos e nenas da escola que disfrutan cada día a través do xogo, realizando actividades diversas e axudando a ir mellorando pouco a pouco o espazo.

Xogan por cada recuncho existente, subindo e baixando a costa, no areeiro, na cociña e na casita. Encántalles facer "slime" de terra, comidiñas, xoga r a que recollen as patacas, dan de comer aos cabalos ou que hai Zombies.

Cada día, un xogo novo que inventar.



Coa horta os nenos e neas van sensibilizándose co coidado das plantas e dos seres vivos.
Observan os cambios que se producen con ilusión de que medren ben cada alimento que plantamos.
Este trimestre foron cenorias, leitugas e amorodos.

Ademais de impulsar valores como a paciencia, a responsabilidade,
o compromiso e o compañerismo potenciando o
traballo colaborativo e cooperativo compartindo tarefas

"Temos que construír unha sociedade máis amable, máis humana, máis lenta... e máis conectada co mundo natural". Heike Freire



*Feliz Semana Santa
Queremos muito*